

Proxecto Compás

AD Equal Área Metropolitana de Vigo

MANUAL DE_XESTIÓN
DAS ÁREAS DE ORIENTACIÓN E FORMACIÓN
DO PROXECTO COMPÁS

ÍNDICE

ÁREA DE ORIENTACIÓN.

INTRODUCCIÓN. OBXECTIVOS	5
1.-A ORIENTACIÓN COMO EIXE VERTEBRADOR DO PASO DAS PERSOAS USUARIAS POLO PROXECTO. CONCEPTO	8
2.- PERSOAS DESTINATARIAS DO PROXECTO.....	9
2.1.- Perfil de persoas participantes no proxecto.....	9
2.2.- Características e accesibilidade das persoas ó proxecto.....	9
3.- ACCESO E INCORPORACIÓN DE PERSOAS USUARIAS.....	15
3.1.- Acceso libre.....	15
3.2.- Plans de busca.Concepto e metodoloxía.....	17
3.3.- Incorporación. Apertura de expedientes.....	20
4.- O PROCESO DE ORIENTACIÓN. CONCEPTO E FASES.....	21
4.1.-Qué entendemos por itinerarios de inserción	21
4.2.- A entrevista inicial.....	23
4.3.- A entrevista de diagnose e proposta de intervención.....	25
4.4.- Entrevista de seguimento.....	25
5.- CIRCUITOS DE DESENVOLVEMENTO DOS ITINERARIOS.....	26
5.1.- Itinerarios de incorporación laboral.....	26
5.2.- Itinerarios de preparación para o emprego.....	29
6.- ACOMPAÑAMENTO SOCIAL.....	32
6.1.- Definición.....	32
6.2.- Servizos e tipos de acompañamento.....	32
7.- ACCIÓNS TRANSVERSAIS.....	33
7.1.- Competencias persoais.....	33
7.2.- Igualdade de oportunidades.....	33
7.3.- Novas tecnoloxías.....	33
7.4.- Avaliación.....	33
8.- EQUIPO DE TRABALLO. FUNCÍONS DO PERSOAL.....	35
8.1.- O equipo de orientación por conta aliea.....	35
8.2.- Persoal técnico de competencias persoais e pool de recursos.....	36
8.3.- Persoal técnico de inserción e orientación por conta propia	37
9.- COORDINACIÓN.....	37
9.1.- Niveis de coordinación.....	37
10.- ANEXOS DE ORIENTACIÓN.....	40

ÍNDICE II

ÁREA DE FORMACIÓN

11.- PLAN DE FORMACIÓN. CONCEPTO E OBXECTIVOS.....	43
12.- FORMACIÓN PARA PERSOAL TÉCNICO.....	44
12.1.- Obxectivos.....	44
12.2.- Fases de implementación do programa.....	44
13.- FORMACIÓN PARA AS PERSOAS PARTICIPANTES NAS ACCIÓNS DO PROXECTO.....	49
13.1.- Obxectivos da formación.....	49
13.2.- Formación básica.....	49
13.3.- Preformación.....	50
13.4.- Accións formativas de aprendizaxe profesional.....	51
14.- XESTIÓN DA FORMACIÓN.....	52
14.1.- Coordinación.....	52
14.2.- Avaliación.....	56
15.-ANEXOS DE FORMACIÓN.....	57

INTRODUCCIÓN

O proxecto Compás enmárcase na iniciativa comunitaria Equal. Está liderado pola Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo e ten como entidades asociadas os sindicatos CCOO, CIG e UGT, ademais da Confederación de empresarios de Pontevedra, Caixanova e a Deputación provincial de Pontevedra.

Este proxecto pretende a **aplicación e validación** dun **proceso flexible e personalizado** de **mellora da ocupabilidade** das persoas habitantes da área metropolitana de Vigo que son obxecto de desigualdades en relación ó acceso e mantemento do seu emprego.

Polo tanto, o obxectivo principal do proxecto reside en facilita-lo acceso e a reincorporación ó mercado de traballo das persoas que sofren dificultades **para integrarse nun mercado de traballo que debe estar aberto a todos e todas.**

Compás baséase no desenvolvemento de **itinerarios personalizados**, entendidos estes como un proceso ou camiño que unha persoa percorre para adquirir competencias persoais e profesionais co obxectivo último de mellora-la súa ocupabilidade.

As características que definen estes itinerarios son a personalización do proceso de mellora e a flexibilidade do mesmo, que permite ofrecer **derivacións aseguradas** entre as entidades do proxecto, atendendo ás necesidades das persoas usuarias.

O manual de xestión da orientación e formación que imos desenvolver a continuación, pretende, de xeito previo, artellar todo o conxunto de accións e relacións entre os axentes intervintes nos procesos de orientación e formación, protocoliza-los mecanismos de intervención e establecer unha programación de accións que se han desenvolver no tempo de xestión asignado ó proxecto Compás. Deste xeito, persegue os seguintes obxectivos xerais e específicos:

Obxectivo xeral do manual

- ✓ Desenvolver un protocolo que posibilita a operatividade das áreas de orientación e formación en tódolos seus centros de recepción de persoas seguindo criterios de coherencia, axilidade e coordinación na xestión.

Obxectivos específicos do manual:

- ✓ Promove-la utilización dunha metodoloxía común que permita a abordaxe da orientación desde a perspectiva da iniciativa comunitaria Equal no relativo ó acceso de persoas, á tipoloxía de itinerarios e ó seguimento de accións.
- ✓ Establecer espazos para o traballo en equipo, resolución de conflitos e deseño de itinerarios entre as entidades asociadas da Agrupación de desenvolvemento.
- ✓ Clarifica-las funcións e competencias do persoal encargado do desenvolvemento do proceso de orientación e artellar canais de comunicación entre estes e o equipo de coordinación.
- ✓ Facilita-la organización das accións preformativas e formativas seguindo uns criterios comúns en relación á selección, seguimento e avaliación das persoas participantes.
- ✓ Establecer pautas de coordinación que posibiliten a operatividade das accións formativas e as relacións entre as entidades formadoras e os e as profesionais orientadores/as.

A ORIENTACIÓN DO PROXECTO COMPÁS:

XESTIÓN DA ÁREA

1.-A ORIENTACIÓN COMO EIXE VERTEBRADOR DO PASO DAS PERSOAS USUARIAS POLO PROXECTO

A orientación sociolaboral é un proceso dirixido á prevención e ó tratamento de situacións relacionadas coa falta de emprego e que se producen en determinados momentos da vida das persoas, ben por factores puntuais ou estruturais. O proceso de orientación baséase, inicialmente e sobre todo na fase de diagnose e seguimento, nunha relación dual entre o/a profesional e a persoa orientada, e complementase con accións de carácter interdisciplinar e grupal. O proceso de orientación posúe un marcado carácter preventivo e educativo e ten por obxectivo axudar ás persoas a enfronta-los cambios que se producen nos procesos socioeconómicos, permitíndolles a adaptabilidade ás novas situacións que decotío se producen no ámbito laboral.

Este proceso contempla varios **principios**:

- ✓ a orientación laboral debe desenvolverse coa finalidade de dotar ás persoas orientadas de autonomía na toma de decisións, cun claro enfoque preventivo;
- ✓ os usuarios e usuarias deben acceder de xeito voluntario ós servizos de orientación, pero deben establecer un compromiso coa persoa orientadora;
- ✓ a orientación é un proceso integral e continuo.

O proceso de orientación que pretendemos desenvolver desde o proxecto Compás contempla dous aspectos que deben camiñar xuntos á hora de abordar accións de inserción sociolaboral e que consisten no desenvolvemento de accións de orientación dirixida á valoración de problemas de tipo social, como poden se-la elección de actividades formativas, a reciclaxe profesional (o denominado *guidance*), e por outra banda, axudar ás persoas na adquisición de recursos persoais para saír do proceso de exclusión, autoestima, capacidade de decisión, autonomía, responsabilidade, a través de servizos de acompañamento e seguimento (o que se vén denominando *counseling*).

2. PERSOAS DESTINATARIAS DO PROXECTO

2.1. PERFIL DAS PERSOAS DESTINATARIAS

O perfil das persoas que poden desenvolver accións do proxecto Compás vén definido polos seguintes factores:

2.1.1. Persoas con especiais dificultades de inserción no mercado laboral:

- ✓ Por causa do xénero: mulleres nunha porcentaxe do 60 %
- ✓ Por causa da situación laboral:
 - Desemprego de longa duración (máis de un ano no desemprego)
- ✓ Por causa da idade:
 - Menores de 25 anos
 - Maiores de 45 anos
- ✓ Por causa dalgunha discapacidade: contéplanse as discapacidades de persoas con autonomía suficiente para acceder de xeito normalizado ó mercado de traballo.
- ✓ Por causa da migración:
 - Emigrantes retornados/as,
 - Minorías étnicas

2.1.2. Persoas en situación ou risco de exclusión social, onde predomine sobre outros factores o desemprego, e ausencia de formación e preparación profesional, como orixe da súa situación.

2.1.3. Persoas residentes nos concellos da MAIV.

2.2. CARACTERÍSTICAS E ACCESIBILIDADE Ó PROXECTO COMPÁS DOS DISTINTOS COLECTIVOS DE INTERVENCIÓN.

A intervención desenvolvida cara ó acceso das persoas usuarias do proxecto caracterízase pola aplicación dos principios de intersectorialidade e normalización.

Compás está dirixido de xeito **intersectorial** ó traballo con persoas que se atopan en situación de desvantaxe con relación ó mercado de traballo. Preténdese promover o desenvolvemento de actuacións de carácter plural que permitan a **normalización** das situacións que deben existir en tódalas actuacións de carácter sociolaboral.

A continuación descríbense as **características das persoas** susceptibles de formar parte do proxecto e os **requisitos para acceder ó mesmo**:

2.2.1.- Mulleres:

As mulleres, na súa incorporación ó mercado laboral, encóntranse con enormes dificultades, entre as que se poden sinala-la existencia de prexuízos en torno a súa condición de xénero ou a falta de oportunidades en sectores *tradicionalmente* masculinos. Ademais constitúen, hoxe en día, o rostro predominante da pobreza e da exclusión.

Fálase de feminización da pobreza en función das situacións que están a sufrir as mulleres cando se atopan con dificultades de acceso ás prestacións de carácter contributivo, con dificultades de acceso ós postos de responsabilidade e a traballos tradicionalmente reservados ós homes, con responsabilidades non compartidas e cando teñen que compatibiliza-la incorporación a un emprego coas responsabilidades familiares. Falamos de feminización do traballo cando as condicións e características do emprego seguen a reproducir modelos domésticos que conducen á precariedade e dexeneran en situacións de empobrecemento severo.

Polo tanto, ser muller é un factor preferente para a incorporación de persoas ó proxecto. Deste xeito, dende o proxecto Compás preténdense desenvolver accións cara a:

- ✓ orientar profesionalmente desde a perspectiva de xénero ás mulleres que se queiran incorporar ó mundo do traballo ou mellora-la súa capacidade de empregabilidade;
- ✓ promover accións de formación básica e ocupacional que posibiliten a participación das mulleres nos procesos de incorporación sociolaboral;
- ✓ desenvolver programas e servizos de acompañamento que faciliten o proceso de inserción laboral;
- ✓ fomentar iniciativas de autoocupación;
- ✓ incorporar a tódalas actuacións do proxecto a análise de xénero e un enfoque de igualdade de oportunidades;
- ✓ sensibiliza-lo sector empresarial da incorporación das mulleres ó mercado laboral.

2.2.2.-Idade: persoas desempregadas menores de 25 e maiores de 45 anos.

Podemos considera-la idade un sumativo e unha referencia para a incorporación preferente ó proxecto das persoas nestes tramos de idade, xa que están especialmente afectadas pola súa dificultade de acceder ó mercado de traballo. Sen embargo, a idade como factor de desigualdade non adquire significado se non vai asociado a outros factores, tales como o tempo en desemprego ou a capacitación das persoas.

En canto ás persoas xoves, pódese dicir que actualmente unha de cada catro se acha en situación de desemprego, circunstancia que provoca un considerable aumento de paro xuvenil con relación á media europea.

Por unha banda, moitas destas persoas dispoñen dunha formación académica media ou superior, aínda que desempeñan traballos de menor cualificación. Por outra, existe un importante número de persoas novas que non dispoñen de cualificación profesional que as capacite para desenvolvemento dun emprego estable, tendo como factor común as deficiencias no coñecemento do mercado laboral e accións de busca activa de emprego.

Compás tratará de identifica-las necesidades nestes ámbitos mediante o desenvolvemento de accións específicas que cubran estas lagoas, incluso tratando de motivar cara ó fomento do espírito empresarial e á involucración nas novas tecnoloxías.

En canto ós e ás maiores de 45 anos, pódese asimila-la situación co tempo en desemprego e nas circunstancias que o motivan encontramos a descrición dos factores de desigualdade a traballar con estas persoas, tal e como se relaciona a continuación.

2.2.3.- Persoas en desemprego de longa duración:

As persoas desempregadas, e especialmente os parados e paradas de longa duración son un dos colectivos prioritarios na intervención sociolaboral do proxecto Compás.

Deste xeito, preténdese desenvolver accións que promovan a súa incorporación laboral desde unha óptica de resituación de expectativas laborais que posibilite a reciclaxe, a través do binomio *formación-motivación*. Neste apartado podemos atoparnos con persoas nas seguintes situacións:

- ✓ perceptores/as de prestacións ou subsidio de desemprego;
- ✓ anotados/as no servizo público de emprego, sen dereito a prestacións ou téndoas esgotadas;
- ✓ perceptores/as da Renda Activa de Inserción.

En calquera dos tres casos, as persoas usuarias deberán acreditar a súa situación de desemprego coa tarxeta de demandante, onde figura a antigüidade no servizo público de emprego.

No suposto de perceptores ou perceptoras da Renda Activa de Inserción o proxecto Compás, a través do conseguente acordo co INEM, desenvolverá a parte de inserción da renda, é dicir, ocuparse da titoría individualizada, desenvolvendo un itinerario personalizado de inserción, salvo no suposto de que xa teña deseñado o seu proxecto que complementará as accións previstas no mesmo.

2.2.4.-Persoas con Discapacidade:

Un dos colectivos obxecto de intervención deste proxecto é o integrado por persoas discapacitadas, con limitacións de acceso ó mundo laboral, que na maior parte das veces veñen dadas polas barreiras psicolóxicas que a sociedade empresarial aínda ten cara á incorporación laboral destas persoas, polo que Compás, dentro das súas competencias, pretende desenvolver accións coa finalidade de:

- ✓ Colaborar coas entidades que traballan con persoas discapacitadas (pertencentes ó Comité de Participación) no proceso de sensibilización, co fin de promover accións de tránsito ó mercado laboral de persoas discapacitadas, incluíndoas en bolsas de emprego.
- ✓ Incorporar persoas con discapacidade física nas distintas fases do proceso de inserción, a través da derivación de persoas usuarias por parte de entidades especializadas, onde se achegue información ás empresas, por parte do servizo de márketing e inserción sobre tódalas axudas e programas de apoio á contratación de persoas con discapacidade;
- ✓ Informar ás empresas, por parte do departamento de márketing e inserción, sobre tódalas axudas e programas de apoio á contratación de persoas con discapacidade.

Para a inclusión de usuarias e usuarios con discapacidade nas accións do Proxecto Compás, estas deberán ser derivadas **sempre** por entidades de traballo na discapacidade, onde lle facilitarán unha cita para o servizo de orientación. O día da cita achegará un informe sobre o grao de minusvalía e unha valoración de capacidades en relación ó emprego.

Deberase contar, se fose necesario, cos recursos de apoio da entidade que o deriva, xa que o proxecto non conta con recursos suficientes para promover prestacións como: transporte adaptado, intérprete de linguaxe de signos, etc.

2.2.5.- Migrantes:

O fenómeno da migración é un feito ó cal hai que achega-los recursos necesarios para facilita-la adaptación das persoas ó mercado laboral. Este colectivo dispón de moitas limitacións vencelladas á súa situación de posible ilegalidade ou normalización legal; moi frecuentemente atópase con problemas culturais, idiomáticos, etc. que precisan dunhas medidas de acompañamento específicas, así como accións que enfoquen a súa inserción laboral dun xeito integral e integrador.

Compás pretende artellar unha serie de medidas en colaboración coas entidades especializadas no traballo con este colectivo que dea resposta, por unha banda, ás demandas das persoas inmigrantes e, por outra, ás do mercado laboral.

Para unha boa execución deste fin establécense medidas de colaboración coas seccións de estranxeiría da Dirección Xeral da Policía, asociacións como Aida, entidades sindicais que atendan a inmigrantes como CCOO, CIG, creando un protocolo de intervención conxunto.

2.2.5.1. Persoas emigrantes retornadas

Galicia é unha das principais comunidades de destino de emigrantes, fundamentalmente de América Latina, (Cuba, Venezuela, Arxentina e Ecuador). Neste sentido, desde o Proxecto Compás, preténdese artellar un dispositivo que facilite a estas persoas a súa integración sociolaboral, a través da orientación e a promoción de emprego.

A primeira acción consistirá en contactar coas asociacións especializadas que se ocupan do traballo específico de acollida e información a este colectivo, para que se constitúan en entidades de derivación do proxecto e desenvolvamos conxuntamente unha acción de apoio social e laboral. Deste xeito, as persoas retornadas iniciarán un proceso de incorporación ó proxecto, deseño do itinerario personalizado e seguimento de accións.

2.2.5.2. Persoas inmigrantes e minorías étnicas

Unha das actuacións contempladas no proxecto Compás considera a atención ás persoas pertencentes ás minorías étnicas. Cómpre sinala-la importante dependencia dos servizos sociais deste colectivo, así como a dificultade de axuste ás normativas sociolaborais existentes no ámbito empresarial. Podemos subliñar como dificultades engadidas, na súa inserción sociolaboral, as diferenzas culturais, na linguaxe, e prexuizos sociais. Polo tanto, tratarase de traballa-las habilidades de relacións, hábitos de traballo, capacitación, etc.

Todo isto farase efectivo mediante protocolos de actuación co programa Acceder para a inserción laboral do colectivo de

persoas xitanas, Cáritas – Vigo, que garantirán o fluxo de persoas cara ó programa, así como o establecemento de medidas de apoio e o seguimento das persoas participantes.

No tocante ó colectivo de inmigrantes, e por indicacións da Sección de Estranxeiría da Policía Nacional, só poderemos atender persoas que teñan en regra o seu permiso de residencia, polo que será imprescindible a súa presentación para que as persoas solicitantes poidan ser incluídas no proxecto.

3.- O ACCESO E INCORPORACIÓN DE PERSOAS USUARIAS Ó PROXECTO

O Proxecto Compás contará con tres centros de recepción de persoas dependentes da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo (MAIV): un situado en Vigo (edificio Asefal, soto 2º), que atenderá o concello de Vigo, Gondomar, Nigrán e Baiona, outro en Redondela (antigo conservatorio de música) que atenderá os concellos de Redondela, Soutomaior, Fornelos de Montes e Pazos de Borbén, e o terceiro no Porriño (Centro de desenvolvemento local), que atenderá os Concellos do Porriño, Mos, Salvaterra de Miño e Salceda de Caselas.

Por outra banda, o proxecto Compás conta, a través da súa Agrupación de desenvolvemento, con catro centros máis de orientación e xestión de diversas accións, todos eles situados en Vigo: na Confederación de empresarios e empresarias de Pontevedra CEP (García Barbón), na Escola de negocios Caixa Nova (Avda. Madrid), e un en cada unha das entidades sindicais: C.I.G. (na sede de Martínez Garrido), C.C.O.O. (na sede de Hernán Cortés) U.G.T. (na sede de García Barbón)

As persoas desempregadas poderán acceder ó servizo de orientación do proxecto a través de distintas vías que a continuación se describen e sempre coa presentación da seguinte documentación:

- ✓ fotocopia do D.N.I.,
- ✓ tarxeta de demandante de emprego,
- ✓ vida laboral.

A continuación describiranse as vías de acceso ó proxecto:

3.1. ACCESO LIBRE

Contémplanse dous tipos de acceso libre, xa que se pode dar de xeito directo ou por derivación doutros servizos e programas sociais e de emprego:

3.1.1. Acceso libre Directo:

Consiste na recepción de persoas que de xeito voluntario se achegan en persoa ós centros antena para informarse sobre o proxecto, ou chaman por teléfono ós mesmos. Para isto artellarase un teléfono gratuito (900) de referencia onde as persoas usuarias poidan recibirla información que precisan, e darase a coñecer ó público a través de campaña de publicidade e información os enderezos dos centros antena e os seus números de teléfono.

Unha vez que o usuario ou usuaria se pon en contacto co proxecto, recibirá unha **cita** (día, hora e lugar de atención) cunha persoa do equipo de orientación, promovendo con este sistema de cita previa un sistema de calidade na atención, e evitando saturacións temporais. Desenvolverase e testarase un método organizativo cara á atención das persoas usuarias.

Esta cita previa dá lugar a unha breve entrevista: **primeiro contacto** de non máis de media hora de duración que manterán a persoa orientadora e a persoa usuaria na que a persoa responsable da orientación ofrecerá información xeral sobre o proxecto e recollerá información suficiente sobre a persoa para discernir se reúne os requisitos ou perfil do proxecto, ou non.

Se a persoa entrevistada reúne o perfil requirido polo proxecto, informaráselle con máis profundidade do contido e citaráselle para unha **primeira entrevista de recollida de datos e incorporación** ó itinerario.

Utilizaranse para o artellamento deste sistema as seguintes fichas contidas no anexo. 1

Pl.1. Ficha de rexistro do acceso libre.

Pl.2. Fichas de primeiro contacto: rexistro e recollida de datos.

Pl.3. Ficha de rexistro de citas para a entrevista inicial.

3.1.2. Derivación doutros servizos e programas de emprego e sociais:

Trátase da configuración dun sistema de coordinación cos servizos de emprego ou entidades asentadas na área territorial da MAIV que xa dispoñen de información sobre o perfil prioritario de Compás.

Para levar adiante estas derivacións, os servizos de emprego e benestar social dos concellos da mancomunidade e outras entidades incluídas no Comité de participación do proxecto, disporán duna ficha de derivación: Anexo 2 *PE.1 Ficha de derivación doutras entidades ó proxecto* onde se dirixirá a persoa usuaria ó centro antena ou entidade socia correspondente e onde figurará unha cita previa, así como o nome do/a profesional que o/a vai atender.

As persoas incorporadas a través desta modalidade de acceso por derivación destas entidades poderán desenvolver, en función das súas características sociolaborais, un itinerario completo, que se inicia co proceso de orientación, ou incorporarse para o desenvolvemento de actividades puntuais: accións formativas, asesoramento a persoas emprendedoras, etc. tendo xa un servizo de orientación de referencia na entidade que o deriva.

Pódense, polo tanto, distinguir dous **tipos de derivacións** en función das necesidades da persoa usuaria:

- ✓ As persoas derivadas para iniciar-lo proceso de orientación e deseño do itinerario completo.
- ✓ Aquelas que se incorporan a Compás para o desenvolvemento de accións puntuais.

Con referencia a este último suposto, **as entidades que derivan** as persoas usuarias, **facilitarán ó servizo de orientación** de Compás **a información necesaria** para incorporar estas persoas, sen iniciar un novo proceso de orientación (recollida de información da persoa...), coa finalidade de desenvolver un traballo coherente e coordinado que evite que as persoas informen constantemente a distintos persoas orientadoras sobre a súa situación social e laboral, respectando así a súa privacidade.

O acceso por derivación desenvolverase en tres centros antena emprazados en Vigo, Redondela e O Porriño, o que dará cobertura a tódolos concellos da mancomunidade e nos locais establecidos polas entidades socias, membros da AD, que son as tres entidades sindicais maioritarias na comarca , (CIG, CCOO e UGT) e a Confederación de empresarios de Pontevedra (CEP).

3.2. PLANS DE BUSCA. CONCEPTO E METODOLOXÍA.

Podemos distinguir entre plans de busca sectoriais e plans de busca territoriais e serán desenvolvidos, unicamente polo servizo de orientación da MAIV, nos tres centros: Vigo, Redondela e O Porriño.

3.2.1.-Plans de busca Sectoriais

Con relación ós sectoriais, o proxecto Compás contempla a posibilidade de iniciar unha captación selectiva de persoas en función da tipoloxía que se atenderá desde a iniciativa Equal. Deste xeito, unha vez iniciado o proceso de orientación e recepción de usuarios e usuarias e valorada a demanda existente inicialmente, poderanse desenvolver actuacións sectoriais que permitan alcanza-los obxectivos previstos, polo que se farán accións de divulgación e sensibilización para a participación en entidades que traballen con mulleres, persoas con discapacidade, persoas novas, etc.

Preténdese desenvolver tres plans de busca ó longo do proxecto, en función das primeiras análises sobre as persoas orientadas. Estas accións suporán que durante os meses de marzo, xuño e outubro de 2003, se parará a actividade de incorporación de

persoas usuarias a través de derivacións de entidades e durante o mes de busca o persoal técnico fará un traballo de captación sectorial, incorporando os colectivos requiridos nos dous meses seguintes. Esta incorporación terá que compatibilizarse co acceso directo de usuarios e usuarias xa que non é conveniente paralizar a acción informativa e de contacto co público.

Calendario de buscas

DATA	DURACIÓN	INCORPORACIÓN PERSOAS USUARIAS
01/03/03	1 MES	01/04/03 – 30/05/03
01/06/03	1 MES	01/07/03 – 31/08/03
01/10/03	1 MES	01/11/03 – 31/12/03

Unha vez valorados os colectivos prioritarios, para o deseño dos plans de busca sectoriais contarase coas entidades que estean integradas no Comité de participación, xa que isto supón a dispoñibilidade de estruturas sectorializadas e organizadas que sirvan de plataforma informativa, formativa e de incorporación ó proxecto.

Os plans de busca deseñaranse en función das necesidades de incorporación sectorial prevista polo proxecto. Durante os meses nos que está previsto o seu desenvolvemento o equipo de coordinación elaborará un calendario de entidades que debe visitar e iniciará unha **actividade de divulgación** consistente en charlas-café ou almorzo de traballo co persoal técnico e profesionais da entidade ou entidades correspondentes, e outra dirixida ó colectivo obxecto da súa intervención.

Deste xeito, cada acción de busca contemplará **dous contactos**, un a nivel técnico ou institucional e outro a nivel da sociedade en xeral, e serán desenvolvidos por unha coordinadora e unha persoa técnica do centro antena da zona onde se faga a busca.

Contacto institucional: Trátase dun achegamento de tipo formal, no que se lle entregará á persoa responsable técnica ou institucional un pequeno dossier coas características do proxecto, as accións encamiñadas á inserción do colectivo específico de busca, cales han se-los mecanismos de coordinación coa entidade e os servizos e programas dos que podemos dispoñer reciprocamente.

Contacto coas persoas usuarias: Consiste no desenvolvemento, se fose necesario, dunha charla-coloquio entre as persoas que participan nas entidades seleccionadas, onde se aborden os servizos e programas do Proxecto Compás e as posibilidades de participar como usuaria ou usuario.

Esta charla comprenderá os seguintes temas:

- ✓ que é o Proxecto Compás,
- ✓ accións que comprende,
- ✓ posibilidades e forma de acceso.
- ✓ outras temáticas de interese para o grupo de persoas convocadas que poden ser impartidas por especialistas alleos e alleas ó proxecto.

Isto posibilitará que as persoas interesadas coñezan o proxecto e decidan participar nas súas accións.

3.2.2.- Plans de busca Territoriais

En función da análise de participación de persoas usuarias nos distintos concellos, do grao e nivel de recursos existentes e das posibilidades de desenvolvemento de actuacións, levaranse adiante accións de tipo preformativo que permitan a localización de recursos e a participación social das persoas con maiores dificultades de inserción.

Estas accións teñen a finalidade de posibilita-lo acceso ó proxecto das persoas que residen nos concellos máis illados e nos que non existe servizo de orientación. Desenvolveranse **accións formativas intermedias** que, por un lado, constitúan unha posibilidade de acceso a Compás no nivel informativo e por outro supoñan unha formación sobre habilidades sociais e técnicas de procura activa de emprego. Trátase deste xeito de descentralizar algunhas das accións previstas en beneficio das poboacións con menor accesibilidade ós recursos. Estas accións formativas intermedias teñen a función de captar e formar, e desenvolveranse en colaboración cos departamentos de emprego e servizos sociais dos concellos da mancomunidade.

O contido desta actividade preformativa suporá unha mestura entre habilidades sociais e técnicas de busca activa de emprego, cunha duración aproximada de 15 horas. Establecerase un número de dous ou tres por concello (dun total previsto de dezoito) e desenvolveranse en Soutomaior, Fornelos de Montes, Pazos de Borbén, Mos, Salvaterra, Salceda de Caselas, Nigrán, Gondomar e Baiona. Inicialmente non está previsto facelos en Vigo, Redondela e O Porriño, xa que nestes concellos existe un maior número de recursos e ó ter emprazados os centros de orientación máis doado desenvolver accións tanto formativas como de acompañamento, aínda que se fose necesario poderíamos estendelos ós doce concellos da mancomunidade.

Para a súa organización contarase cos departamentos de emprego e servizos sociais dos concellos, mantendo cos seus

responsables un contacto que permita a agrupación de posibles persoas candidatas a esta actividade formativa.

3.3.- INCORPORACIÓN DE PERSOAS. APERTURA DE EXPEDIENTES

Para a incorporación de usuarios e usuarias ó proxecto a persoa orientadora abrirá un **expediente** que numerará do seguinte xeito: código do concello onde reside a persoa/ código do centro de orientación/ número de entrada correlativo.

O/A profesional orientador/a formará un **expediente por cada usuario ou usuaria** donde se recollen tódalas cuestións relativas ó seu paso polo proxecto e tódolos datos referidos ó seu **itinerario de inserción**: proceso de orientación, capacitación e inserción, polo que as fichas de primeiro contacto, cuestionario de entrevista inicial, baixa de persoas usuarias, inserción, ficha de seguimento, etc., estarán todas incluídas no expediente.

En caso de ser unha persoa derivada por outra entidade ou á que se deriva, utilizaranse as fichas de fluxo (**persoas que nos derivan ou que nós derivamos a outras entidades**) que son as que usarán as entidades que nos deriven persoas e outra que é a que empregaremos nós para derivar persoas que precisen atencións específicas de tipo social, formativo, a outras entidades, etc.

En paralelo, a persoa técnica orientadora introducirá na base de datos tódolos informes pertinentes a estas fichas recollidos nas formularios informáticas e en función da situación irán abríndose novos campos. Por exemplo, cando unha persoa sexa unha baixa por inserción, abranse uns campos que permitan introducir información sobre a empresa donde se inseriu e o tipo de contrato, etc.

Por outra banda, levarase un rexistro por parte da persoa responsable de cada entidade socia executora de accións, dos **expedientes doutro tipo de accións e accións grupais**, composto polas fichas de actividades grupais referidas a cada unha especificamente (convenios tutelados, simuladores empresariais...) No anexo 1, ficha PI.8- FICHA DE DE ACTIVIDADES DO PROXECTO recóllese o tipo de acción grupal de que se trate e as súas características, que será rexistrada pola persoa orientadora responsable da mesma ou pola persoa de coordinación da área na que se dea a actividade. Ademais da ficha será necesario incorporar ó expediente as fichas de avaliación das mesmas.

4.-O PROCESO DE ORIENTACIÓN. CONCEPTO E FASES.

No concepto de proceso de orientación do proxecto Compás, os itinerarios de inserción son o eixe que o artellan e a ferramenta para deesenvolvelo.

4.1. QUE ENTENDEMOS POR ITINERARIOS DE INSERCIÓN

Un itinerario de inserción constitúe unha secuencia de actuacións que ten por obxectivo acadar, nun determinado período de tempo, a inserción sociolaboral da persoa. Para isto lévase adiante un conxunto de accións que deben conxugar as características sociopersoais e laborais dos e das usuarios/as do proxecto, os seus intereses e aptitudes, coas demandas do mercado laboral. Neste sentido, débense ter en conta as informacións obtidas desde distintas fontes: as achegadas polas persoas a través das entrevistas iniciais, as obtidas polos servizos de derivación, probas psicopedagóxicas, se fose preciso, e a información de que dispón o departamento de márketing e inserción.

Deste proceso temos que destacar que o deseño dun itinerario de inserción é un acto conxunto entre as persoas: orientadora, inseridora e usuaria, contando coa aprobación ou asunción de responsabilidades para a execución por parte da usuaria ou usuario, polo que o departamento de orientación e o departamento de márketing desenvolverán reunións, inicialmente semanais, para compartir información, analiza-los distintos casos e propoñer itinerarios viables. Neste sentido, estableceranse reunións de coordinación entre os dous departamentos, inicialmente con carácter semanal, no que participarán o equipo orientador da MAIV, persoas orientadoras das entidades socias da AD e o equipo de márketing e inserción.


Como novidade fundamental no enfoque dos itinerarios de inserción clásicos, que se compoñen dunha entrevista inicial, entrevistas de definición do proxecto futuro e entrevistas de seguimento, neste proxecto formúlase, tra-la entrevista inicial de recollida de datos, a incorporación da persoa usuaria **a un módulo grupal de competencias persoais básicas**, chamado Módulo de Competencias Persoais Cero -CPCero- onde o persoa poida valorar as súas posibilidades reais e axusta-las súas expectativas ás actividades con certa garantía de éxito, é dicir, que actuaría como **checkpoint** de motivación e axudaría á persoa orientadora a coñecer máis en profundidade as capacidades relacionais e motivacionais da usuaria ou usuario coa/co que vai deseña-lo seu proxecto de inserción.

Polo tanto, o proceso de orientación iníciase coa incorporación das persoas usuarias a unha curta actividade de competencias persoais; se se necesitase un curso maior nesta área, pasaría a un segundo nivel de maior duración.

Se non fose o caso, neste primeiro nivel de 5 horas, desenvolvería as actividades recollidas neste programa inicial. Este **checkpoint** de valoración sobre a capacidade de inserción require un programa ben definido e desenvolvido polo equipo de orientación, que deberá dispor dun coñecemento exhaustivo sobre técnicas de observación, motivación e desenvolvemento relacional.

Así podemos establecer con carácter común para tódalas persoas usuarias, independentemente do itinerario que vaian desenvolver, unha **actuación fixa de valoración da capacidade de inserción**.

Deste xeito, a incorporación de persoas ó proceso de orientación do Proxecto Compás suporá o desenvolvemento da seguinte secuencia:



É importante lembrar que todo este proceso contará, desde o seu inicio, cunha liña de accións paralelas de apoio e acompañamento social que posibilita o desenvolvemento do itinerario ás persoas con cargas persoais, familiares, con dificultades de desprazamento e con algunha outra circunstancia que podería impedi-lo seu acceso ós recursos de mellora da ocupabilidade que ofrece o proxecto.

4.2. A ENTREVISTA INICIAL: FASES

4.2.1. Acollida

As persoas usuarias poden vir derivadas a esta entrevista inicial dos servizos locais de emprego, entidades de carácter social ou laboral ou por iniciativa propia, pero xa pasaron por un primeiro filtro (primeiro contacto) no que se lles informou moi someramente sobre a idea xeral do proxecto.

Nesta fase da entrevista inicial, iníciase a relación de orientación: en primeiro lugar é necesario informar con profundidade sobre os deberes e dereitos da persoa usuaria do Proxecto Compás: explícanse as características do proxecto e as condicións para a participación.

Nesta fase a persoa que orienta ten unha función primordial de motivadora cara á persoa usuaria do proxecto, coa finalidade de que sinta a necesidade de participar e contemple que inicia un proceso de acompañamento. Hai que ter en conta que este proxecto ten un carácter voluntario e que dependendo desta motivación podemos dispor de maiores garantías de éxito no desenvolvemento das actuacións propostas, e no mantemento da persoa no proxecto ó longo do tempo de duración do seu itinerario ideal.

4.2.2. Recollida de datos

Unha vez explicado o obxectivo do proxecto e a importancia da implicación da persoa usuaria, o técnico ou técnica orientadora pásalle unha batería de preguntas recollidas nun cuestionario de entrevista inicial . Anexo 1 *Pl.4 Cuestionario de entrevista inicial* para obter a información necesaria para o deseño do seu itinerario.

4.2.3. Compromiso de participación

Unha vez realizada a incorporación ó Proxecto Compás, a persoa orientadora informa e consensúa coa persoa usuaria as actuacións que se han desenvolver nun período de tempo determinado.

Previamente a esta secuencia de accións, debe ser asinado un compromiso de participación, xa que isto supón que asume a responsabilidade de acceder ós recursos e aproveita-las oportunidades que esta iniciativa lle poida proporcionar, polo tanto, é necesario explicarlle que se acepta as condicións, terá que asinar un compromiso de desenvolvemento de itinerario,

adxúntase modelo no anexo 1 *Pl.O Ficha de compromiso de participación.*

4.2.4. Emprazamento para o checkpoint e para a segunda entrevista

Nesta entrevista inicial sopesáanse as posibilidades e as actitudes da persoa usuaria e se empraza para as dúas actuacións seguintes:

- ✓ para o módulo de competencias persoais básico ou CPCero para o que se da cita directamente, e
- ✓ para unha segunda entrevista (dáse cita) onde se fará unha primeira aproximación de itinerario en función dos resultados do módulo anterior.

O tempo medio de duración desta entrevista é de 75 minutos.

4.2.5. Reunión de coordinación co márketing de inserción:

Antes da segunda entrevista (de definición do obxectivo profesional e de establecemento do itinerario), a orientadora ou orientador debe reunirse co servizo de márketing e inserción para, de xeito conxunto, elaborar un itinerario viable cos datos do mercado de traballo que debe ofrecer semanalmente o departamento de márketing de inserción.

Polo tanto, o servizo de orientación e o de inserción deben manter reunións semanais de elaboración de propostas de tódalas persoas entrevistadas semanalmente.

4.3. ENTREVISTAS DE DIAGNOSE E PROPOSTA DE INTERVENCIÓN

Unha vez que o persoa orientadora sondou en profundidade o obxectivo profesional e as necesidades para atopalo, está en situación de consensuar co interesado ou interesada un itinerario viable e chegar a un acordo de actuacións e derivacións a recursos pertinentes. Para a recollida destes datos utilizaranse as seguintes fichas contidas no anexo 1

Pl.5. Ficha de entrevista de definición do obxectivo profesional,

Pl.6-Ficha de rexistro do itinerario e derivacións

Como apoio para a definición do obxectivo profesional e das necesidades inherentes ó mesmo, facilitaranse diversos cuestionarios de intereses profesionais, actitudinais e outros materiais de axuda.

Esta fase de diagnose e propostas de intervención pode levar en tempo varias entrevistas en función da persoa usuaria e as súas posibilidades de asimilar información, e da capacidade de decisión sobre o seu obxectivo e sobre as accións do itinerario que se ha realizar. Non debería durar máis de catro horas en total. Ó finalizar esta fase do itinerario, por parte do proxecto, facilitarase unha tarxeta identificativa de pertenza ó Proxecto Compás, en forma de cd que deberá ir enchendo o equipo de orientación co CV da persoa.

4.4. ENTREVISTAS DE SEGUIMIENTO

O orientador ou orientadora responsable do deseño do itinerario debe desenvolver un proceso de seguimento dos casos, como mínimo con carácter quincenal, para dispor de información sobre a evolución da persoa usuaria en cada unha das accións nas que se inclúa.

Deste xeito, deberá manter contacto cos responsables de formación, entidades de apoio, etc. Elaborará un rexistro de incidencias e notificará as necesarias, se fose o caso, ó organismo que o derivou.

Por outra banda, desenvolveranse tamén accións de seguimento das actuacións formativas e de acompañamento para analiza-la súa idoneidade e repercusión, así como o cumprimento dos obxectivos previstos.

Estas entrevistas levaranse a cabo co apoio dunha ficha de seguimento *Pl. 7-Ficha de seguimento das persoas usuarias* (anexo 1) e unha vez establecidas as derivacións, deberán actualizarse na *Ficha de rexistro do itinerario e derivacións*, para que ó finaliza-lo mesmo quede enteiramente rexistrado paso por paso.

5.- CIRCUÍTOS DE DESENVOLVEMENTO DOS ITINERARIOS DE INSERCIÓN

En función das características sociolaborais dos colectivos anteriores, poderanse situar nun itinerario de incorporación laboral ou nun itinerario de preparación para o emprego:

5.1. ITINERARIOS DE INCORPORACIÓN LABORAL

Neste tipo de itinerarios sitúanse as persoas que teñan as seguintes características:

- ✓ cualificación profesional: titulación universitaria, profesionais con cualificación;
- ✓ motivación para a procura de emprego;
- ✓ ausencia de problemáticas específicas ou en tratamento en entidades especializadas;
- ✓ con interese no desenvolvemento dun proxecto empresarial.

Polo tanto, podemos incorporar persoas con titulación universitaria, de titulación recente, e profesionais con cualificación, e desenvolveranse actuacións que promovan tanto a súa inserción laboral, por conta propia ou allea, ou que mellaren o seu nivel de empregabilidade (reciclaxe, especialización, etc.).

Pódese distinguir unha incorporación laboral por conta allea e por conta propia.

5.1.1. Itinerarios de incorporación laboral por conta allea:

Para desenvolver este tipo de itinerario levaranse adiante tanto estratexias pasivas (información, documentación etc...) como activas (técnicas de busca de emprego, redes, seguimento, formación, etc.).

O itinerario polo tanto enmárcase fundamentalmente nas accións do *Círculo de acompañamento do proxecto Compás* polas súas características de incorporación inmediata ó mercado de traballo e, en concreto, pode comprender as seguintes accións do proxecto:

- ✓ Orientación
- ✓ *Pool* de recursos para o emprego: utilización dos mesmos no centro antena de orientación; participación en grupos de técnicas de busca activa de emprego.
- ✓ Redes de coñecemento compartido (clubes de emprego)

- ✓ Seguímentos da evolución da busca.

5.1.2. Itinerarios de inserción por conta propia: Tipos e fases.

Unha das accións que se levará a cabo dentro do proxecto é a atención, tutorización e formación daquelas persoas do proxecto que teñan como finalidade a posta en marcha dunha idea empresarial en curto ou longo espazo de tempo.

5.1.2.1. Tipos de Itinerarios por conta propia

Os itinerarios de persoas emprendedoras poderán dividirse en dous **tipos**:

Itinerarios de inserción por conta propia completos:

Están destinados a aquelas persoas do proxecto que teñan a finalidade da posta en marcha dun negocio. Os pasos que se deberían seguir nun itinerario completo de autoemprego, aínda por definir, poderían ser os que a continuación se detallan:

- ✓ asesoramento personalizado coa responsable técnica de autoemprego;
- ✓ participación nunha rede de coñecemento compartido de autoemprego;
- ✓ derivación ás accións complementarias da área de autoemprego: simuladores empresariais; seminarios formativos complementarios ós simuladores para persoas emprendedoras; xornadas e foros dirixidos ó ou á emprendedora.

Itinerarios de inserción por conta propia parciais:

Destinados a aquelas persoas que formen parte do proxecto e que só estean interesadas en accións directamente relacionadas coa área de autoemprego, nunha concreta ou en varias. Por exemplo, unha muller emprendedora que desexe participar unicamente nun simulador empresarial.

A modo indicativo, o apoio ofrecido por parte do equipo técnico e recursos dispoñibles no proxecto a persoas emprendedoras estará materializado nos seguintes puntos:

- ✓ a elaboración do plan de empresa;
- ✓ a formación e apoio en todo o referente á xestión empresarial;
- ✓ a formación no desenvolvemento de habilidades persoais, habilidades directivas para estar á fronte dunha organización;
- ✓ a posta en práctica da súa idea a través dun simulador empresarial.

5.1.2.2. Fases dos Itinerarios por conta propia:

Complementariamente á descrición das fases dos itinerarios en xeral do proxecto Compás, e en relación ás persoas interesadas en desenvolver unha **inserción por conta propia** poderase establece-lo seguinte circuíto de inserción:

Fase I: Detección de persoas emprendedoras:

Tódalas persoas que teñan en mente a posta en marcha dunha idea empresarial poden acudir directamente ó Proxecto Compás, e participar dos circuítos destinados á inserción por conta propia, sempre que sexan persoas co perfil definido con anterioridade.

Estas, lóxicamente, poderán acudir libremente ou derivadas por outros servizos e/ou entidades xa existentes en calquera dos concellos da Mancomunidade, tal e como se describiu con anterioridade, unha vez detectadas, poderán derivarse ó equipo técnico de autoemprego do Proxecto Compás, coa finalidade de realiza-la correspondente entrevista inicial;

Fase II: Asesoramento individualizado a persoas emprendedoras:

Nos centros antena, da Mancomunidade de Vigo e da CEP, disporán dos servizos dunha técnica en asesoramento a emprendedoras e emprendedores. Esta técnica atenderá as demandas de tódalas persoas que teñan ou poidan ter unha idea empresarial en mente. O **asesoramento individualizado consistirá en:**

- ✓ elección da forma xurídica;
- ✓ elaboración dun plan de empresa e análise viabilidade empresarial;
- ✓ procura de axudas oficiais e mellor financiamento dispoñible;
- ✓ xestión empresarial das microempresas;
- ✓ apoio e seguimento inicial nos primeiros meses de vida da idea empresarial.

Para traballar estes aspectos a persoa técnica de autoemprego contará cunha ficha: *PI.12-Ficha de Emprendizaxe*, no anexo 1 como ferramenta básica e adecuada para recolle-la información relativa á persoa interesada en relación ó asesoramento individualizado.

Fase 3: Derivación a accións complementarias do proxecto para persoas emprendedoras:

- ✓ Rede de coñecemento compartido de autoemprego: Serán grupos de traballo de 6-10 persoas, todas elas cunha idea empresarial e co obxectivo común de lograren un autoemprego efectivo e duradeiro. Cos seguintes obxectivos:
 - dotar ás persoas participantes de metodoloxías de traballo utilizables posteriormente no seu negocio;
 - facilitar información, datos e apoios puntuais para a elaboración do seu plan de empresa;
 - formar e informar sobre aspectos importantes e relevantes da posta en marcha dun negocio de maneira práctica e real: tramitación de subvencións, trámites ante organismos, etc.;
 - tratar temáticas concretas da xestión das microempresas, tales como: fiscalidade, procura de entidades proveedoras, xestión de stocks, xestión de vendas...
- ✓ Accións formativas de competencias persoais: habilidades directivas para persoas emprendedoras.
- ✓ Desenvolvemento e posta en práctica de simuladores empresariais.
- ✓ Seminarios a persoas emprendedoras como complemento a simuladores empresariais.
- ✓ Impartición de accións formativas en novas tecnoloxías a emprendedores e emprendedoras.
- ✓ Organización de encontros, seminarios empresariais e persoas emprendedoras.

5.2. ITINERARIOS DE PREPARACIÓN PARA O EMPREGO.

Estes itinerarios abranguen accións enmarcadas no laboratorio de inserción e no banco de emprego do Proxecto. Ademais, e de xeito transversal, tódalas persoas emprazadas nesta tipoloxía de itinerarios terán que abordar como parte do seu proceso de inserción módulos formativos básicos relacionados coa igualdade de oportunidades e novas tecnoloxías. Pódense distinguir itinerarios formativos e preformativos:

5.2.1. Itinerarios Formativos:

Nestes itinerarios situanse persoas coas seguintes características:

- ✓ persoas con profesión definida, pero sen cualificación académica que apoien a súa actividade profesional, ou ben con necesidade de reciclaxe;
- ✓ con ou sen necesidade de motivación para a procura;
- ✓ con ou sen habilidades sociais e de comunicación.

Poden comprende-las seguintes accións do proxecto, na súa totalidade ou ben só en parte:

- ✓ Orientación
- ✓ Accións relacionadas co laboratorio de inserción:
 - accións de capacitación en habilidades persoais
 - accións de capacitación en formación ocupacional
- ✓ Accións relacionadas co banco de emprego: prácticas profesionais
- ✓ Accións do círculo de acompañamento:
 - *pool* de recursos
 - redes de coñecemento compartido ou clubs de emprego

5.2.2. Itinerarios Preformativos:

Pódense destacar dous tipos de itinerarios preformativos

Itinerario preformativo básico: poden desenvolverlo persoas coas seguintes características:

- ✓ persoas sen formación básica ou con necesidades de alfabetización;
- ✓ sen formación especializada ou ocupacional;
- ✓ sen experiencia laboral ou con experiencia laboral dispersa;
- ✓ baixa cualificación, con actividade laboral precaria e esporádica.

O paso inicial para este tipo de itinerarios consiste en compatibiliza-las accións de carácter prelaboral e laboral cunha formación académica básica, xa que para as persoas usuarias é necesario, non tanto pola obtención do propio título de graduado escolar, senón para posibilitarlles tanto no plano persoal como sociolaboral o mantemento dun nivel educativo mínimo, xa que deste xeito estamos mellorando o seu nivel de empregabilidade e de accesibilidade ós servizos e recursos que con carácter xeral se organizan para toda a comunidade.

Este itinerario é o mais longo de todo o proceso de traballo xa que contempla as seguintes actuacións:

- ✓ Orientación

- ✓ Accións relacionadas co laboratorio de inserción:
 - accións de capacitación en habilidades persoais
 - accións de capacitación en formación básica
- ✓ Accións relacionadas co banco de emprego:
 - Empresa de inserción social
 - Prácticas profesionais tuteladas
- ✓ Accións do círculo de acompañamento:
 - Grupos de busca activa de emprego e uso dos *pools* de recursos
 - Redes de coñecemento compartido ou clubs de emprego
- ✓ Seguimento

Itinerario preformativo Complementario: poden desenvolverlo persoas coas seguintes características:

- ✓ persoas con formación académica básica;
- ✓ persoas sen formación especializada;
- ✓ persoas sen motivación para a procura de emprego;
- ✓ persoas con ausencia de habilidades sociais.

Este itinerario formularíase do mesmo xeito que o anterior a excepción da primeira acción de formación básica.

6.- ACOMPAÑAMENTO SOCIAL

6.1.- DEFINICIÓN

Considéranse accións de acompañamento sociolaboral tódalas actuacións, programas ou servizos que de xeito paralelo acompañan o proceso de inserción, posibilitando o desenvolvemento das actuacións comprendidas no itinerario das persoas usuarias do Proxecto Compás. Isto significa que á marxe das actuacións previstas para a inserción se poderá dispor de accións de apoio, tanto social como formativo e prelaboral.

Deste xeito artellaranse distintas **tipoloxías** de servizos de acompañamento:

6.2. TIPOS DE SERVICIOS DE ACOMPAÑAMENTO

6.2.1. Instrumentais.

Consistirá no desenvolvemento de liñas de axudas para:

- ✓ posibilita-lo desenvolvemento de accións a persoas con cargas familiares non compartidas;
- ✓ axudas para desprazamentos;
- ✓ axudas para prácticas en empresa.

Estes servizos aplicaranse simultaneamente ás accións previstas no itinerario de inserción, para o que se deseñará un marco regulador das axudas, onde figura o procedemento, as contías e todo o protocolo de petición e adxudicación. Estas axudas poderán ser solicitadas por tódolas entidades socias da AD que desenvolvan accións de orientación e deseño de itinerarios de inserción.

6.2.2.- Tutoriais.

Disporase de persoal para a titorización das accións que se desenvolvan de carácter individual e/ou grupal tanto no aspecto formativo como laboral.

6.2.3.- Acompañamento sociopedagógico.

7.- ACCIÓNS TRANSVERSAIS

Os criterios de aplicación transversal afectan ó desenvolvemento dos procesos de mellora da ocupabilidade, estes son **competencias persoais, igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, NTICs, protección e mellora do ambiente e avaliación continua**. A aplicación transversal aparece implicitamente na execución de tódalas actuacións do proxecto.

7.1.- COMPETENCIAS PERSOAIS:

A capacitación nas competencias persoais abarca todo o proxecto mediante a aplicación do módulo inicial grupal de competencias persoais no comezo da acción de orientación. Este eixe ten que aplicarse ó longo da consecución do itinerario de inserción.

7.2.- IGUALDADE DE OPORTUNIDADES:

Aplicase en tódalas actuacións e recursos do proxecto mediante sesións formativas e de sensibilización, así como accións directas paliativas de desigualdade en canto á eliminación de barreiras que dificulten o acceso das mulleres ó mercado laboral en torno a diferentes niveis: social, empresarial e institucional. Como acción que garanta a aplicación transversal considérase a formación de todo o persoal técnico que participe no proxecto.

7.3.- NOVAS TECNOLOXÍAS:

A introdución das NTICs implica por unha banda accións de formación e sensibilización no uso de novas tecnoloxías e a súa aplicación en distintos ámbitos profesionais e por outra banda a creación do sistema de xestión do propio proxecto xa comentado anteriormente. A transversalidade da introdución das NTICs, afecta tanto ás persoas participantes como o persoal do propio proxecto que é obxecto da sensibilización e formación proposta como acción prioritaria deste criterio.

7.4.- AVALIACIÓN:

A avaliación continua da calidade e mellora do proceso aplícase en tódalas actuacións a través dunha avaliación interna ou autoavaliación que afecta á mellora do proceso de tódalas partes implicadas. Para lograla máxima eficacia neste proceso de seguimento, contéplase a formación de todo o persoal do proxecto en metodoloxías de avaliación continua. Ademais diso, será avaliado o impacto do proxecto no contorno cercano,

facilitando a adopción doutras medidas que persigan obxectivos a longo prazo e prolonguen a actuación da AD. Esta avaliación do impacto deberá ser analizada tanto na súa vertente cuantitativa (número de persoas beneficiarias, accións, consultas, empregos cerrados, etc.), como na súa vertente cualitativa medida a través da duración e estabilidade do emprego xerado, así como a través doutras medidas de eficacia (tempo de resposta, obxectivos sociais alcanzados, etc.).

Artellarase a avaliación de tódalas accións a través da aplicación de cuestionarios ó finalizar cada unha das accións *PI.13-fichas de avaliación* (anexo 1) que nas accións grupais serán pasadas polas coordinadoras do proxecto nesa área e nas accións individuais pola persoa responsable das mesmas na entidade na que se desenvolvan.

8.- EQUIPO DE TRABAJO

O proxecto conta para o seu desenvolvemento con profesionais que realizarán o labor de orientación, persoal técnico de habilidades sociais, de inserción e persoal docente de novas tecnoloxías e igualdade de oportunidades. Ademais, poderase contar con persoas expertas para desenvolver accións específicas puntuais.

8.1. O EQUIPO DE ORIENTACIÓN POR CONTA ALLEA:

As funcións deste equipo son as seguintes:

- ✓ Informar e orientar ó público sobre o proxecto e as súas accións.
- ✓ Valorar e selecciona-las persoas usuarias do proxecto segundo o perfil deseñado.
- ✓ Incorporar persoas ó Proxecto Compás co desenvolvemento de entrevistas personalizadas diagnósticas e de seguimento.
- ✓ Desenvolvemento de accións formativas de valoración da capacidade de inserción das persoas usuarias.
- ✓ Diseñar itinerarios de inserción en colaboración co departamento de márketing e inserción, orientando sobre as distintas accións a desenvolver.
- ✓ Seguir o desenvolvemento das accións comprendidas no itinerario de inserción.
- ✓ Seguir o cumprimento dos obxectivos das accións desenvolvidas.
- ✓ Participar, conxuntamente co departamento de márketing, no desenvolvemento de accións grupais relacionadas co ámbito prelaboral.
- ✓ Derivar a servizos especializados aquelas persoas que requiran unha intervención específica, tanto no eido social como formativo.
- ✓ Seleccionar personal para a cobertura de postos de traballo.
- ✓ Manter un rexistro estatístico de accións.
- ✓ Emitir informes de valoración da actividade e evolución dos e das usuarios/as.
- ✓ Establecer contactos con entidades socias e formativas da súa zona de intervención, coa finalidade de optimizar e coordina-los recursos existentes.
- ✓ Participar en xornadas ou outros eventos de divulgación e sensibilización sobre o Proxecto Compás e o resultado das súas accións.

- ✓ Rexistro diario de tarefas relativas á súa competencia técnica.

A Localización das persoas orientadoras: os centros antena

Ademais das citadas anteriormente, as orientadoras situadas nos concellos do Porriño e Redondela terán que desenvolver accións de implementación territorial e coordinación cos ADLs dos concellos, e entidades localizadas na súa área de traballo; deste xeito a distribución será a seguinte:

- ✓ Centro Antena do Porriño. Atenderá territorialmente ós concellos do Porriño, Salvaterra, Salceda de Caselas e Mos. Disporá de dúas orientadoras.
- ✓ Centro Antena de Redondela. Atenderá os concellos de Redondela, Soutomaior, Fornelos de Montes, Pazos de Borbén. As dúas orientadoras deste centro poderán, dada a ausencia de servizo de orientación nos concellos de Soutomaior, Fornelos e Pazos de Borbén, desenvolver un sistema de quendas para atender a demanda existente nos citados concellos.
- ✓ Centro Antena de Vigo. Atenderá os concellos de Vigo, Nigrán, Gondomar e Baiona. O persoal técnico orientador situado neste centro establecerá un sistema de quendas para atender un día á semana as persoas usuarias da zona do Val Miñor, para o que a agrupación voluntaria de concellos do Val Miñor debe determina-la súa localización definitiva.

8.2.-PERSONAL TÉCNICO EN COMPETENCIAS PERSOAIS (I, II) E POOL DE RECURSOS.

As funcións deste equipo son as seguintes:

- ✓ Deseño de contidos formativos nas áreas de competencias persoais e *pool* de recursos.
- ✓ Desenvolvemento no territorio da MAIV de cursos de distinta duración sobre as áreas anteriormente descritas, coa finalidade de dotar ás persoas incluídas nas citadas actividades formativas de técnicas e instrumentos que melloren a súa comunicación interpersonal, autoestima, relación co contorno, etc.
- ✓ Seguimento das persoas incluídas nos programas formativos, e elaboración de informes por grupos.
- ✓ Participación como técnico/a do equipo de xestión en accións de sensibilización e divulgación.
- ✓ Reunións de coordinación co equipo e profesionais que interveñan na xestión.
- ✓ Dirección dos grupos de *pool* de recursos (busca activa de emprego).

- ✓ Rexistro diario das tarefas relativas a súa competencia técnica.

8.3.- PERSOAL TÉCNICO DE INSERCIÓN E ORIENTACIÓN POR CONTA PROPIA.

As funcións deste equipo son as seguintes:

- ✓ Análise da situación laboral das distintas zonas de intervención, estudando as súas características produtivas, recursos existentes, sectores emerxentes, posibilidades de emprego, etc.
- ✓ Elaboración dunha listaxe de posibles empresas colaboradoras para iniciar os contactos cara á sensibilización e colaboración das entidades socias; desenvolvemento de actos como encontros, seminarios, etc.
- ✓ Desenvolvemento das entrevistas a empresas, asociacións e entidades da zona.
- ✓ Mantemento dos contactos coas empresas e entidades colaboradoras, facendo un seguimento mensual das accións desenvolvidas, así como das persoas usuarias incluídas nelas, facilitando información sobre estas á persoa orientadora correspondente.
- ✓ Participación no proceso de selección de persoal para a ocupabilidade de postos de traballo.
- ✓ Participación no deseño dos itinerarios de inserción.
- ✓ Desenvolvemento dos itinerarios de incorporación laboral por conta propia, determinando a fórmula que mellor se axuste ás ideas empresariais dos e das usuarias.
- ✓ Información ás empresas sobre axudas, subvencións para o fomento da contratación de persoas con dificultades de inserción.
- ✓ Rexistro diario das tarefas relativas a súa competencia técnica.
- ✓ Deseño e desenvolvemento de accións grupais de promoción da actividade por conta propia, como redes de coñecemento compartido ou clubs de autoemprego, etc.

9.- COORDINACIÓN

O marco de referencia no que se desenvolve este proxecto, a iniciativa Equal do Fondo Social Europeo, ten como finalidade última a creación de redes estables que aseguren nos territorios un aproveitamento óptimo dos recursos. Ademais diso, desde esta perspectiva considérase a complementariedade como un dos principios básicos que se han seguir en calquera actuación futura en materia de emprego.

Por outra parte, Compás é en si mesmo unha estrutura de coordinación soportada por unha intranet virtual que posibilita a comunicación en tempo real.

Polo tanto, a coordinación entre tódalas persoas e entidades participantes no Proxecto Compás é a base do seu funcionamento e unha das claves do seu éxito.

9.1. NIVEIS DE COORDINACIÓN

A coordinación é proposta e artellada polo cadro de xestión do proxecto, e lévase a cabo a través de reunións que implican diferentes **niveis de coordinación** dados polos seus obxectivos:

10.1.1. Cadro de xestión-Persoal técnico do proxecto.

A continuación faise unha descrición dos diferentes aspectos da organización destas reunións de coordinación:

Asistentes: Coordinadoras de orientación/formación, igualdade de oportunidades e márketing de inserción e todo o persoal técnico de orientación do proxecto, independentemente da entidade socia á que pertenza laboralmente.

Frecuencia: semanal – venres ás 12 h.

Duración: entre 1 e 2 horas.

Lugar: sede do proxecto Compás

Responsable: as coordinadoras do proxecto, cada unha da súa área; as reunións serán convocadas e dirixidas rotativamente por cada unha delas.

Preparación: facilítase a orde do día ás persoas asistentes.

Contidos/obxectivos: nelas infórmase, intercámbianse materiais e informes, consúltanse dúbidas sobre funcionamento, unifícanse criterios de actuación e márcanse as liñas de traballo no ámbito da orientación máis axeitada á marcha do proxecto.

9.1.2. Cadro de xestión – equipos de coordinación de entidades socias executoras

Asistentes: persoal de coordinación de áreas do equipo de xestión do proxecto e do equipo técnico das entidades socias executoras.

Frecuencia: mensual – último venres de cada mes ás 9.30 h.

Duración: entre 1 y 2 horas

Lugar: cada reunión na sede dunha entidade socia.

Responsable: directora do proxecto.

Preparación: comunicación da orde do día ás persoas asistentes tres días antes da reunión. Cómpre a recepción de propostas por parte de todas para incorporalas á orde do día.

Contido/obxectivos: coordinar adecuadamente tódalas accións contempladas en cada área.

10. ANEXOS ORIENTACIÓN

Tódolos documentos que xeramos e ós que facemos referencia nas páxinas anteriores, concrétanse nos seguintes anexos:

ANEXO O1.- FICHAS DE TRABAJO DOS EQUIPOS: constitúen o material de traballo do equipo de orientación e do equipo de coordinación, e a base da xustificación de realización de cada acción. Está formado por:

PI.0 FICHA DE COMPROMISO DE PARTICIPACIÓN.

PI.1 FICHA DE REXISTRO DO ACCESO LIBRE.

PI.2 FICHAS DE PRIMEIRO CONTACTO: REXISTRO E RECOLLIDA DE DATOS

PI.3 FICHA DE REXISTRO DE CITAS PARA A ENTREVISTA INICIAL

PI.4 FICHA DE ENTREVISTA INICIAL-CUESTIONARIO

PI.5 FICHA DE ENTREVISTA DE DEFINICIÓN DO OBXECTIVO PROFESIONAL.

PI.6 FICHA DE PROPOSTA E REXISTRO ITINERARIO E DERIVACIÓNS

PI.7 FICHA DE REXISTRO DO SEGUIMIENTO DOS ITINERARIOS

PI.8 FICHA DE ACTIVIDADES DO PROXECTO

PI.9 FICHA DE BAIXA DE PERSOAS USUARIAS

PI.10 FICHA DE INSERCIÓN DE PERSOAS USUARIAS

PI.11 FICHA DE ENTREVISTA CON EMPRESAS

PI.12 FICHA DE APRENDIZAXE

ANEXO O2.- PROTOCOLOS DE TRABAJO EXTERNO OU COORDINACIÓN CON ENTIDADES.

PE.1 FICHA DE DERIVACIÓN DE OUTRAS ENTIDADES Ó PROXECTO

PE.2 FICHA DE DERIVACIÓN DO PROXECTO A OUTRAS ENTIDADES

ANEXO O 3.- PROTOCOLOS DE TRATAMENTO INFORMÁTICO DE DATOS

A base informática recollerá de xeito moi simplificado tódalas fichas que xeramos en papel. Para isto terémo-los seguintes formularios asociados a fichas determinadas:

BBDD.0 CÓDIGOS PARA A CUMPRIMENTACIÓN DE FORMULARIOS

BBDD.1 FORMULARIO PRIMEIRO CONTACTO

BBDD.2 FORMULARIO INCORPORACIÓN DE PERSOAS USUARIAS

BBDD.3 FORMULARIO DE BAIXA OU INSERCIÓN

BBDD.4 FORMULARIO DE SEGUIMENTOS

BBDD.5 FORMULARIO DE REXISTRO DE ACTIVIDADES GRUPAIS

BBDD.6 FORMULARIO DE DERIVACIÓN

BBDD.7 FORMULARIO DE DATOS DE EMPRESAS

ANEXO 04.- CHEQUEO DA CAPACIDADE DE INSERCIÓN. SIST. DE ACOLLIDA E MOTIVACIÓN PARA A PARTICIPACIÓN NO PROXECTO

ANEXO 05.- AXUDAS DE ACOMPAÑAMENTO SOCIAL

ANEXO 06.- BAREMO DE CANDIDATURAS PARA PARTICIPAR EN PROCESOS DE SELECCIÓN

ANEXO 07.- POOL DE RECURSOS

ANEXO 08.- CONVENIOS TUTELADOS

ANEXO 09.- TARXETA DE OCUPABILIDADE

ANEXO 010.- AVALIACIÓN DA ORIENTACIÓN: CUESTIONARIOS

A FORMACIÓN DO PROXECTO COMPÁS: XESTIÓN DA ÁREA

Este documento estrutúrase en dúas liñas conceptuais. Por unha banda, o desenvolvemento e planificación das accións de preformación e formación e, por outra, o modelo de xestión e relacións de coordinación na área de formación.

11.- PLAN DE FORMACIÓN. CONCEPTO E OBXECTIVOS.

Desde esta área proxéctase desenvolver un plan de formación dinámico e aberto, que supoña a programación de accións formativas, tanto internas como externas, co fin de atinxi-lo pleno desenvolvemento do proxecto.

Polo tanto, a programación pretende, por unha banda, dar resposta ás necesidades específicas de formación e especialización do persoal, e por outra, posibilita-la accesibilidade e mellora da empregabilidade das persoas usuarias do proxecto. Tanto unhas como outras poden ir cambiando coa incorporación de novas ideas ou expectativas, polo que estamos a falar dun programa de mínimos a conseguir, que requirirá revisións periódicas para a súa adaptación á evolución do Proxecto Compás.

O obxectivo xeral deste plan de formación é dispoñer dun instrumento que posibilite a adaptación e correlación do binomio necesidades – recursos, nun marco de innovación e calidade. Por isto, levarase adiante un plan de formación que entre outras, cumpra as seguintes funcións:

- ✓ Diagnostica-las necesidades de formación, a nivel interno e cara ós e ás participantes no proxecto.
- ✓ Diseñar e executar programas formativos e preformativos dos que carecen as persoas desempregadas nos circuitos normalizados de emprego.
- ✓ Editar manuais e soportes documentais que recollan a actividade do proxecto.
- ✓ Mellora-os procesos de organización e xestión, relacionados co desenvolvemento da formación.

12.- FORMACIÓN PARA PERSOAL TÉCNICO DO PROXECTO

Todo programa de formación dirixido ó persoal técnico constitúe unha inversión para a organización no que se inscribe ó ter como finalidade o incremento da súa rendibilidade, aumentando o potencial do seu capital humano.

12.1. OBXECTIVOS

Entre os obxectivos desta acción de formación, atópanse os seguintes:

- ✓ Incrementa-la cualificación do persoal contratado para o desenvolvemento das accións comprendidas no proxecto.
- ✓ Contribuír a mellora-la calidade dos servizos que se presten ás persoas usuarias do proxecto e á comunidade.
- ✓ Potencia-la relación entre os coñecementos complementarios e os postos de traballo.
- ✓ Favorecer e estimula-la comunicación interna.
- ✓ Adapta-las capacidades do persoal ó desenvolvemento dos postos de traballo, optimizando os perfís profesionais.

12.2. FASES DE IMPLEMENTACION DO PROGRAMA

Este programa de formación técnica contempla dúas fases temporais de desenvolvemento, a primeira comprendida entre setembro de 2002 e xuño de 2003, e a segunda entre setembro de 2003 e o final do proxecto (xuño de 2004).

A primeira fase ten a finalidade de posibilitar unha óptima implementación do programa, facilitando ó equipo técnico e coordinador coñecementos para o asentamento territorial e social do Proxecto Compás e o desenvolvemento das accións previstas, dotando das ferramentas e instrumentos necesarios para conseguilos.

Esta acción formativa vai dirixida ó equipo técnico de tódalas entidades que conforman a agrupación de desenvolvemento, polo que pretende inicia-la integración práctica desa compactación de forzas e entidades socias que supón a AD como tal. Este programa formativo ten dous obxectivos: por unha banda, cohesiona-lo grupo de profesionais encargados e encargadas da coordinación como un equipo de traballo eficaz, onde consigamos que o propio equipo se constitúa como brazo dinamizador e motivador de persoas para impulsa-lo desenvolvemento de accións cara á inserción, e por outra, desenvolver unha metodoloxía de traballo conxunta e

coordinada entre tódalas entidades socias que compoñen a AD, onde se unifiquen, non só materiais, senón tamén criterios e métodos de intervención.

No nivel metodolóxico tenderase a desenvolver unha formación participativa, progresiva e integradora, promovendo liñas de interconexión entre os distintos profesionais coa finalidade de sinerxia-los esforzos e posibilita-los labores de apoio e reforzo, se fose necesario.

A segunda fase do programa de formación, aínda que vai dirixida inicialmente ó mesmo colectivo, ten outra finalidade, xa que pretende analiza-lo impacto do proxecto na comunidade e incorporar á metodoloxía de intervención aspectos novidosos que dinamicen os procesos de interacción para a inserción. Deste xeito, esta segunda fase contará co desenvolvemento de seminarios e obradoiros que promovan a participación doutros colectivos profesionais implicados no desenvolvemento do proxecto.

Deste xeito, traballarase na especialización de persoal técnico, de coordinación, e de profesionais de entidades implicadas en aspectos como obradoiros de transición, escolas de empresas, metodoloxía dos clubs de emprego, participación das persoas usuarias na programación e difusión das accións, etc.

Para levar adiante estas accións formativas contarase con entidades externas con experiencia na formación de técnicos e técnicas e con profesionais da área de intervención de Compás e, por outro, será o propio equipo de coordinación o que desenvolva accións de formación cara ó equipo de xestión do proxecto.

Pódense distinguir varios tipos de programas de formación en función do colectivo destinatario dos mesmos:

12.2.1. Programa formativo para o equipo de coordinación

Ten a finalidade de mellora-las capacidades propias do equipo directivo, como é a planificación e organización, así como a motivación dos equipos de traballo. O obxectivo prioritario desta acción formativa consiste en desenvolver habilidades de relación interpersonal e establecer un estilo participativo como estratexia de xestión.

Datas de realización: 22, 23 e 24 de outubro de 2002

Horas: 15

Contidos de dito programa:

- ✓ A cohesión do grupo como instrumento de traballo.

- Características do traballo en equipo.
- Formas e métodos máis axeitados para o equipo de coordinación.
- Motivación no traballo.
- Resolución de conflitos e negociación no eido laboral.
- ✓ Coordinación interna e coas entidades socias
 - Métodos de coordinación interna: fluxo de información.
 - Métodos de coordinación externa: optimización de recursos. Traballo en rede.
 - Habilidades de dirección.
 - Condución de grupos.
 - Desenvolvemento de reunións eficaces.
- ✓ Realización dun manual de organización interna

12.2.2. Programa formativo para o equipo de orientación

13.2.2.1- Acción de capacitación para o coñecemento de metodoloxías de intervención e desenvolvemento do proxecto.

Os obxectivos fundamentais desta acción formadora son promover a adquisición de coñecementos teóricos e prácticos que faciliten ós orientadores e orientadoras o desenvolvemento dun proceso de orientación sociolaboral, axustado ás características do proxecto ademais de posibilitar a adopción dun sistema metodolóxico común que unifique criterios de intervención por parte de todas as entidades socias do Proxecto Compás.

Datas: Do 25 de novembro ó 5 de decembro

Horas: 40

Contidos:

MÓDULO 1.- Iniciativa comunitaria EQUAL. O Proxecto Compás.

MÓDULO 2.- Pobreza e exclusión social. Situación no nivel local

- Desemprego como factor de exclusión
- Situación dos colectivos con dificultades de inserción na área de Vigo

MÓDULO 3.- Orientación e intervención sociolaboral

- Metodoloxía da intervención. Análise das características sociolaborais.

- O proceso de orientación. Itinerarios de inserción. Mellora da empregabilidade
- Material de traballo. Cuestionarios. Recollida de información.
- Coordinación. Recursos en materia social, formativa e laboral.
- Procedemento. Práctica de entrevistas, etc.
- Competencias persoais.

MÓDULO 4. - Igualdade de oportunidades

MÓDULO 5.- Márketing social - Intermediación laboral

- A participación das entidades socias
- Inserción por conta propia e conta allea
- Fórmulas de economía social
- Empresas de inserción.

12.2.2.2.- Monográficos

Como forma de especialización nas tarefas de maior envergadura dentro do proxecto como son o deseño de itinerarios ou a avaliación e a organización de dúas empresas de inserción, desenvolveranse nesta primeira fase tres cursos monográficos abertos á participación de persoal técnico e profesionais das entidades que conforman a AD e entidades colaboradoras. As temáticas son:

“Enfoque sistémico aplicado á orientación sociolaboral”.

“Medición da exclusión, indicadores, avaliación”

“Empresas de inserción”.

12.2.3. Formación específica individual

Compás contempla a posibilidade de cofinancia-lo gasto da participación en accións formativas puntuais, de carácter individual ou grupal, para o equipo técnico e coordinador de área, sempre que os contidos formativos estean relacionados coa súa área de traballo ou sexan de interés para o proxecto en xeral.

12.2.4. Formación para profesionais do ámbito sociolaboral da área de influencia do proxecto

Coa finalidade de formar e ó mesmo tempo establecer un espazo para o debate e a reflexión profesional co equipo técnico que desenvolve o seu labor no ámbito sociolaboral, realizaranse xornadas e seminarios para a comunidade profesional. Deste xeito, estimarase a conveniencia de levar adiante, conxuntamente coa universidade de Vigo, un *Curso Complementario de Verán* que supoña un encontro, no nivel local, sobre un tema relevante no eido da orientación, inserción,

as políticas de emprego e a sensibilización da comunidade en relación ás persoas con dificultades para acceder ó mercado de traballo. A previsión de desenvolvemento deste curso estímase para os meses de maio ou xuño de 2003.

13.- FORMACIÓN PARA AS PERSOAS PARTICIPANTES NAS ACCIÓNS DO PROXECTO

Neste apartado recóllese toda a formación e preformación destinada a complementa-lo desenvolvemento de itinerarios de inserción enfocados á preparación para o emprego. Será desenvolvida polas distintas entidades socias da Agrupación de Desenvolvemento e ten a finalidade de facilitar ás persoas usuarias do proxecto unha alternativa de coñecemento e/ou reciclaxe profesional necesaria para a súa posterior incorporación laboral.

13.1. OBXECTIVOS DA FORMACIÓN

- ✓ Potencia-la formación integral para as persoas usuarias.
- ✓ Adapta-las persoas participantes ós cambios motivados, tanto polos procesos de innovación tecnolóxica como polas novas formas de organización no traballo.
- ✓ Favorecer e estimula-la comunicación coas entidades socias.
- ✓ Servir de estímulo para a reflexión profesional no campo da exclusión social e o emprego, acercando á comunidade local experiencias e ideas novidosas.

Se facemos unha pequena **análise da realidade** no eido da orientación, podemos dicir que as maiores dificultades de acceso ó emprego nos colectivos con dificultades de inserción laboral radica en déficits formativos, falta de hábitos, distorsión da realidade laboral, así como descoñecemento de técnicas e recursos de busca.

Así, con relación á formación das persoas participantes, está previsto o desenvolvemento de accións de preformación: formación básica, competencias persoais e accións formativas de capacitación profesional en todos aqueles campos que se consideren idóneos para posibilitar un proceso de achegamento ós circuitos de emprego. Tamén se executarán accións favorecedoras da igualdade de oportunidades e adaptabilidade ás novas tecnoloxías da información e da comunicación.

13.2.- FORMACIÓN BÁSICA

Unha das accións de formación, comprendida nos itinerarios preformativos básicos de inserción, consiste no desenvolvemento de accións que promovan a aprendizaxe e a formación básica. Deste

xeito, establecerase un acordo coa Escola de Formación Social de Vigo para o desenvolvemento de dúas accións, sendo estas as seguintes:

- ✓ Alfabetización: desenvolvemento de contidos de lecto-escritura e cálculo, así como desenvolvemento persoal e social.
- ✓ Graduado E.S.O.: establecerase un grupo para a obtención do título de graduado E.S.O. coa finalidade de mellora-lo seu grao de empregabilidade e situar ás persoas en mellor disposición cara ó mercado de traballo

13.3.- PREFORMACIÓN

Neste nivel de formación previa, establécense dous niveis de desenvolvemento. Por una banda, un módulo chamado Competencias Persoais I (CP1), consistente nunha actividade grupal preformativa, de capacitación, de 20 horas, que combina contidos de competencias persoais e técnicas de procura de emprego, e por outra un módulo de maior duración denominado Competencias Persoais II (CP2), de 50 horas de duración, para desenvolvemento de contidos de habilidades sociais e relacionais. A relación de contidos de ambos módulos de competencias persoais, pódese consultar no anexo F1 - [Competencias Persoais I e II](#)

13.3.1.- CALENDARIO DE PREFORMACIÓN E ACCIÓNS TRANSVERSAIS

Para a planificación das actuacións formación transversal e da preformación contemplada no proxecto, estableceuse o seguinte calendario de actuacións por meses e concellos.

	Xan	Feb	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Setem	Out.	Nov.	Decem.
Vigo	2cp1 1cp2	2cp1+nt 1cp2	2cp1+nt 1cp2	2cp1+nt 1cp2	2cp1+nt 1cp2	2cp1+nt 1cp2	2cp1+nt 1cp2	2cp1+nt 1cp2	2cp1+nt 1cp2	2cp1+nt 1cp2
Redondela	1cp1 1cp2	1cp1+nt 1cp2	1cp1+nt 1cp2	1cp1+nt 1cp2	1cp1+nt 1cp2	1cp1+nt 1cp2	1cp1+nt 1cp2	1cp1+nt 1cp2	1cp1+nt 1cp2	1cp1+nt 1cp2
O Porriño	1cp1	1cp1+nt 1cp2	1cp1+nt	1cp1+nt 1cp2	1cp1+nt	1cp1+nt 1cp2	1cp1+nt	1cp1+nt 1cp2	1cp1+nt	1cp1+nt 1cp2
Pazos		1cp1+nt							1cp1+nt	
Fornelos			1cp1+nt							
Soutomaior				1cp1+nt						
Mos					1cp1+nt					
Salvaterra						1cp1+nt				
Salceda										1cp1+nt
Baiona										1cp1+nt
Gondomar							1cp1+nt			
Nigrán								1cp1+nt		

cp1: Competencias persoais un, cp2: Competencias persoais dous, nt: novas tecnoloxías

13.4.- ACCIÓNS FORMATIVAS DE APRENDIZAXE E DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL

As accións formativas de aprendizaxe profesional son unha das ferramentas con que conta o Proxecto Compás. Pretenden dotar ás persoas usuarias do proxecto de coñecementos técnico-profesionais que melloren o seu nivel de empregabilidade e as acheguen ós circuitos normalizados de emprego. Deste xeito, as entidades socias, pertencentes á AD, desenvolverán accións formativas de distinta duración que cumpran estes obxectivos. Nesta primeira fase de desenvolvemento da formación do proxecto (xaneiro 2003-setembro 2003) establécense as seguintes accións:

13.4.1.-Calendario de accións formativas de aprendizaxe profesional 2003/2004

Data inicio	Data remate	Curso	Nº Horas	Entidade
03/02/03	26/06/03	Camareiro/a de restaurante- -bar	500	CIG
24/02/03	08/05/03	Carpintaría de aluminio	250	CIG
03/03/03	15/05/03	Multimedia	250	UGT
12/02/03	07/07/03	Electricista-antenista	500	UGT
17/02/03	06/06/03	Maquinista da confección	350	CCOO
27/01/03	22/04/03	Camareiro/a de pisos	325	CCOO
01/04/03	04/07/03	Xestor/a de almacén	250	CEP
26/1/04	20/4/04	Instalador/a de gas	320	CIG
12/1/04	20/5/04	Tapería. Catering	450	CIG
24/11/03	10/3/04	Instalador/a de liñas de comunicación	350	CCOO
01/12/03	10/3/04	Control numérico	300	CCOO
1/12/03	3/02/04	Reciclaxe adtvo.	170	CCOO
24/11/03	16/04/04	Autómatas programables	508	UGT
26/1/04	3/03/04	Photoshop	258	UGT
9/2/04	1/08/04	Teleoperador/a	250	CEP
20/10/03	28/11/03	Friogarida	150	MAIV
10/11/03	2/12/03	Limpezas Faro	50	MAIV
15/3/04	11/06/04	Conductor/a autobús	300	MAIV
26/05/03	8/08/03	Vegalsa	50	MAIV
02/03/04	05/04/04	Vegalsa	50	MAIV
24/05/04	13/06/04	Alcampo	50	MAIV
24/05/04	13/06/04	Alcampo	50	MAIV
20/02/04	27/02/04	Maderas Iglesias	40	MAIV

14.- XESTIÓN DA FORMACIÓN

Este documento pretende artella-los diferentes niveis de desenvolvemento da formación, fundamentalmente no relativo á **coordinación** da formación e sistemas de **avaliación**.

14.1.- COORDINACIÓN

En relación á coordinación na xestión da formación estruturarase un sistema fixo de traballo, común a tódalas accións formativas, que permita regula-las relacións entre as entidades formadoras e o equipo central do Proxecto Compás.

Este sistema comprenderá os seguintes ámbitos:

14.1.1.- Coordinación para a incorporación de persoas usuarias en accións formativas e normas de desenvolvemento.

Para o establecemento da coordinación é necesario fixar previamente unha serie de criterios, normas e principios que todo o persoal de orientación deberá cumprir:

14.1.1.1. Normas de funcionamento e distribución de prazas nos cursos:

Para a optimización de recursos e coa finalidade de posibilita-lo acceso do conxunto das persoas usuarias a tódalas accións que se axusten ós seu itinerario de inserción, desenvolveranse as seguintes **normas de funcionamento e distribución de prazas nos cursos**: a entidade formadora terá reservadas catro prazas do número total de alumnos e alumnas e o resto reservarse para os demais centros de orientación, na seguinte proporción:

- ✓ Mancomunidad de Vigo: cinco prazas
- ✓ Demais entidades socias: dúas prazas cada entidade

Cando a acción formativa sexa desenvolvida pola Mancomunidad de Vigo, os centros de orientación da MAIV disporán de sete prazas, quedando dúas para cada unha das restantes entidades socias.

Estás prazas, de non ser cubertas na semana anterior ó inicio do curso, quedarán liberadas para poder ser utilizadas pola entidade xestora da acción formativa.

14.1.1.2. Perfil e número de alumnas e alumnos.

Dado que tódalas entidades socias poderán incorporar persoas ós cursos que se organicen ó abeiro do Proxecto Compás, deberá estar explicitado na rede informática o perfil

requirido para a inclusión de persoas no curso; isto supón que ademais do listado terán que *colgarse* os requisitos de acceso.

14.1.1.3. Selección de alumnas e alumnos.

De non estar artellada a rede informática, o equipo de orientación de cada centro informará, nas diferentes reunións semanais de coordinación, sobre as accións formativas e os perfís requiridos, así como dos prazos dispoñibles para a incorporación de persoas usuarias. Nestas reunións elaborárase a listaxe definitiva de alumnas e alumnos, que contará con quince persoas definitivas e cinco provisionais para cubri-las posibles baixas que se produzan ó longo do seu desenvolvemento. En caso de que existan baixas, será a persoa responsable de cada curso a encargada de comunica-las novas incorporacións ás persoas interesadas.

Nesta reunión semanal de orientación, cada orientador ou orientadora levará unha ficha de datos de información individual de cada persoa usuaria que deriven a formación, para que sexan utilizados pola persoa docente do curso. Nesta ficha debe figurar un espazo para unha fotografía, datos persoais, formación desenvolvida ata o momento, a súa experiencia laboral e as observacións que a persoa de orientación estime oportunas (pendente de elaboración).

Unha vez cheo o curso, a entidade enviará a ficha de accións grupais, onde deberá figura-la listaxe de alumnas e alumnos e a súa procedencia (entidade que os/as derivou).

14.1.1.4. Asistencia.

Establecerase un mínimo de participación no curso do 75 % das horas totais. No suposto de non telas desenvolvido non se poderá expedir certificado de asistencia. Deste xeito, non poderán cubrirse baixas cando se teña asistido a máis do 25 % das horas totais de cada acción formativa.

Cando se produzan faltas de asistencia reiteradas, o/a docente do curso contactará telefónicamente coa responsable de orientación de referencia dese/a alumno/a, comentando a incidencia e desenvolvendo mecanismos que favorezan a súa incorporación sistemática; de non ser posible, estudarase a baixa no curso, así como o seu mantemento no proxecto.

14.1.2.- Coordinación para o seguimento das persoas usuarias incluídas nos cursos

Cada centro de formación designará unha persoa de referencia para o establecemento de reunións de seguimento dos e das

participantes (preferentemente será o equipo orientador de cada centro).

A persoa responsable da coordinación da avaliación e da igualdade de oportunidades contactará con esta persoa para a valoración da evolución do alumnado incorporado ós distintos cursos, o que dará lugar á dispoñibilidade de información sobre a asistencia, conflitos existentes, aproveitamento da formación e/ou calquera outra información que o centro de formación considere relevante.

A coordinación de avaliación do Proxecto Compás informará dos resultados do seguimento ó equipo de orientación que tivera derivadas persoas ós citados cursos. Esta información é importante, xa que dela poden derivarse baixas nas posibles axudas de acompañamento, reaxustes de itinerarios, etc.

14.1.2.1. Periodicidade

Estas reunións de seguimento e avaliación terán lugar ó longo de toda a actividade formativa e pautaranse en tres momentos:

- ✓ Inicial: esta reunión desenvolverase na primeira semana da formación; participará a coordinadora de avaliación, a persoa orientadora do centro de formación, a coordinadora de formación do centro e o ou a monitora.
- ✓ Intermedia: participarán as mesmas persoas e levarase adiante cando teña transcorrido o 50 % do curso.
- ✓ Final: coa mesma participación que a anterior, desenvolverase o penúltimo día da formación.

14.1.3- Coordinación para o seguimento do cumprimento de obxectivos das accións formativas

Este nivel de coordinación pretende impulsa-lo establecemento de metodoloxías comúns no relativo a contidos, incorporación de módulos transversais e valoración do grao de inserción, do que se poderán derivar mudanzas na planificación ou reprogramacións de accións formativas.

En canto ás accións transversais, tódalas accións formativas enmarcadas na intervención de Compás deberán acompañarse de módulos de igualdade de oportunidades, autoemprego, novas tecnoloxías e un módulo ambiental.

14.1.3.1. Igualdade de oportunidades

Neste eido, cada persoa formadora disporá, de xeito previo ó desenvolvemento da acción formativa, dunha documentación específica en igualdade de oportunidades e terá que cubrir un pretest nesta materia. Todo isto lle será

facilitado polo equipo de orientación do centro de formación. Unha vez iniciado o curso, desenvolverase una reunión entre a persoa formadora e a coordinadora de igualdade de oportunidades para establecer extratexias didácticas que permitan incorporar transversalmente os temas de igualdade de oportunidades.

Ademais desta metodoloxía, estableceranse módulos de igualdade de oportunidades de dez horas, que se engadirán ás accións formativas, fóra das horas establecidas para a formación técnica.

14.1.3.2.- Autoemprego

Establécense módulos de autoemprego de catro horas de duración, que se engaden ás accións formativas, utilizando unha metodoloxía dinámica e práctica, que fai que as persoas participantes poidan ter en conta a posibilidade da creación do seu propio posto de traballo.

14.1.3.3.- Novas tecnoloxías

No relativo ás novas tecnoloxías o proxecto contempla a posibilidade de desenvolver dous módulos de dez horas cada un, dos cales un enfocado á alfabetización informática e outro de comunicación, Internet e utilización do correo.

As accións formativas que xa teñan incorporado metodoloxicamente as novas tecnoloxías non disporán deste módulo; sen embargo, tódalas outras engadirán os citados módulos, o que suporá vinte horas máis das establecidas para o desenvolvemento do curso. Estes módulos serán impartidos pola formadora en novas tecnoloxías do Proxecto Compás.

14.1.3.4. Sensibilización ambiental

Será desenvolvida por cada centro formador.

14.2. AVALIACIÓN DA FORMACIÓN.

A avaliación da formación dos procesos formativos dentro do Proxecto Compás abrangue tódalas accións de capacitación profesional (de 250 e 500 horas) e ten que considera-la calidade da formación (metodoloxía, contidos, ferramentas utilizadas...), o nivel de traballo grupal, o material usado (aulas...), etc.

14.2.1.- Temporalización da avaliación

Pódense distingui-los seguintes momentos:

- ✓ Cuestionario inicial.
- ✓ Cuestionario intermedio.
- ✓ Cuestionario final.
- ✓ Avaliación das persoas formadoras: o inicio da actividade, intermedio e final.

14.2.2. Cuestionarios de avaliación

Como instrumentos de avaliación, desenvólvense os cuestionarios de avaliación, recollendo tódalas achegas das entidades asociadas.

Estes cuestionarios de avaliación serán utilizados por tódalas entidades formadoras do proxecto, xa que se pretende artellar un sistema único de avaliación onde se recollan as mesmas variables e onde se poida facer un tratamento único dos datos achegados polo alumnado.

Pódense atopar nos anexos [F 3 E F4](#)

14.2.3. Valoración do grao de inserción

Con relación ó grao de inserción laboral, o centro orientador establecerá pautas de seguimento das persoas usuarias formadas, mantendo contactos periódicos de seguimento do grao de incorporación laboral derivada da formación.

Esta información posibilitará a análise e valoración da idoneidade da formación programada.

15.- RELACIÓN DE ANEXOS DE FORMACIÓN

ANEXO F1.- MÓDULOS DE COMPETENCIAS PERSONAIS I E II

ANEXO F2.- MÓDULOS TRANSVERSAIS. Igualdade de oportunidades,
novas tecnoloxías e sensibilización ó autoemprego

ANEXO F3.- CUESTIONARIOS DA AVALIACION ALUMNADO

ANEXO F4.- CUESTIONARIOS AVALIACIÓN MONITORES/AS

ANEXO F5.- ESQUEMA DE MEMORIA

ANEXO F6.- FICHA DO ALUMNO/A

ANEXO F7.- REXISTRO DE ASISTENCIA